

Balance do turismo en Galicia

Verán 2024



TURISMO
DE
GALICIA

galicia



OCUPACIÓN ALOXAMENTOS

Fonte: INE

PRINCIPAIS INDICADORES

**Viaxeiros
aloxados**

2,15 mill.

- 1,8%

Noites

4,80 mill.

- 0,7%

**Estadía
media**

2,2 noites

+ 1,1%

ADR

86,6 €

+ 3,9%

RevPAR

57,1 €

+ 8,2%

**Ingresos
hoteleiros**

139,5 mill.

+ 5,3%

**Recup.
demanda
24/19**

110,7%

Prazas

152 mil

+ 1,0%




OFERTA DE ALOXAMENTO

Con 150 mil prazas de media no aloxamento colectivo Galicia ofertou no verán deste 2024 unha cifra similar á do mesmo período do anterior 2023, superando os valores dese ano en agosto –nun 1%- mais ficando por debaixo en xullo –nun 1,5% neste caso-. Recuperou e mesmo superou a oferta perdida durante a crise –no cómputo global do período estival amosa un incremento do 8% en relación ao volume de prazas dispoñibles en 2019-.


A metade das prazas ofertadas corresponden ao segmento hoteleiro –cun 38% para os hoteis e un 12% para as pensións- ficando a metade restante repartido entre os cámpings –co 27%-, os albergues –co 11%-, os apartamentos turísticos –co 8%- e os establecementos de turismo rural –segmento de menor volume e peso, que oferta o 4% das prazas totais consideradas-.

A evolución do volume de oferta dispoñible é dispar a nivel das tipoloxías. Así soamente os apartamentos turísticos conseguen superar o número de prazas dispoñibles do pasado ano –nun 14%-, ficando os hoteis, os cámpings e os albergues en cifras parellas e con caídas da oferta nas pensións –do 11%- e no segmento de turismo rural –do 4% neste caso-.

Prazas de aloxamento turístico, por tipoloxía.
Verán 2024



Variación das prazas dispoñibles, por tipoloxía.
Verán 2024/23



DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística nos aloxamentos colectivos de Galicia. Verán 2024

	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	387.924	1.137.548	623.068	2.148.540
NOITES	1.087.813	2.637.305	1.075.770	4.800.888
ESTADÍA MEDIA	2,80	2,32	1,73	2,23

DEMANDA TURISTICA

Do lado da demanda obsérvase tamén un comportamento positivo, aínda que de menor intensidade, nos establecementos colectivos de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, albergues e turismo rural- no período estival. Neste caso supérase levemente o volume de noites do pasado ano –nun 1,5% en particular– como consecuencia esencialmente dunha leve mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable nos niveis do verán pasado –circunstancia igualmente positiva por canto a comparativa realízase sobre un ano Xacobeo-.

Este leve incremento permite aos aloxamentos colectivos de Galicia situarse novamente por encima das cifras anteriores á pandemia, do verán de 2019 – nun 12% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 10% o volume de noites-.

O mercado nacional absorbe o 78% do total da demanda neste verán, ficando o 22% restante para o segmento internacional.

Evolución da demanda turística nos aloxamentos colectivos. Verán 2024/23 e verán 2024/19

	Viaxeiros	Noites	Estadía Media	Prazas
Verán 2024/23	- 1,8%	- 0,7%	+ 1,1%	- 0,3%
Verán 2024/19	+ 17,6%	+ 10,7%	-5,8%	+ 7,9%




DEMANDA TURISTICA

Variación da demanda turística nos aloxamentos colectivos de Galicia, por procedencia. Verán 2024/23


	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	- 1,8%	- 0,7%	- 3,6%	- 1,8%
NOITES	- 1,5%	0,0%	- 1,5%	- 0,7%
ESTADÍA MEDIA	+ 0,3%	+ 0,8%	+ 2,1%	+ 1,1%

DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos turísticos, por CC.AA.
Verán 2024



Variación da demanda nos establecementos turísticos
Verán 2024/23



DEMANDA TURISTICA

Posición de Galicia no ranking estatal, por tipoloxía de aloxamento. Verán 2024

ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	BALEARES	22.318.605
7ª	GALICIA	2.952.419

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	NAVARRA	+ 8,3%
10ª	GALICIA	+ 1,6%

APARTAMENTOS TURÍSTICOS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CANARIAS	4.690.166
7ª	GALICIA	341.427

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	NAVARRA	67,1%
10ª	GALICIA	0,8%

CAMPINGS

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CATALUÑA	10.099.867
5ª	GALICIA	899.627

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	CANTABRIA	32,6%
8ª	GALICIA	1,0%

TURISMO RURAL

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	CASTELA E LEÓN	570.378
10ª	GALICIA	164.721

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	ESTREMADURA	17,8%
12ª	GALICIA	-3,4%

ALBERGUES

Ranking	CC.AA.	Noites
1ª	GALICIA	442.694
-	-	-

Ranking	CC.AA.	Var. 24/23
1ª	CANARIAS	70,4%
12ª	GALICIA	-16,1%



DEMANDA TURÍSTICA

- O comportamento da demanda turística en Galicia difire do patrón observado no conxunto de España –onde se aprecia un incremento global do número de noites do 2,1%-, amosando unha peor dinámica en relación a boa parte das comunidades autónomas.
- Trece destinos superan os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Estremadura –que presenta un incremento global do 11,2% como consecuencia do bo comportamento observado en xullo e agosto-. Amosan tamén subas importantes Cantabria e Navarra –cun 9% e 5%, respectivamente-. No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse no sur peninsular, en Murcia e Andalucía –de arredor do 1% ambas-.
- Dous destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano –a C. Valenciana e Galicia- mentres que os dous restantes fican en niveis inferiores aos do pasado ano –Castela A Mancha, cunha caída do 1%, e A Ríoxa, que presenta un descenso do 3,4% neste caso-.
- Con esta dinámica boa parte das comunidades autónomas sitúanse por encima dos valores previos á pandemia, do verán de 2019, marcando maior distancia dúas das catro comunidades da España Verde –País Vasco e Asturias- xunto con Navarra, con incrementos iguais ou superiores ao 12% interanual-.
- En termos de volume Cataluña, con algo máis de 30 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España neste verán –absorbe o 21,5% do total estatal-. Seguen en orde de importancia, por esta orde, Baleares, Andalucía, Canarias e a C. Valenciana. Estes cinco destinos representan case o 80% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o sétimo lugar no ranking das CC.AA., xusto por detrás das cinco anteriores e de Madrid, representando o 3,4% do total de España neste período –porcentaxe similar á do pasado ano-. Mellora a súa posición no segmento dos albergues –Galicia lidera o ranking estatal nesta modalidade de aloxamento- e nos cámpings –ocupando o quinto lugar en orde de importancia- mais empeora, por exemplo, no caso do segmento de turismo rural –ocupando o décimo posto en orde de importancia-.
- En termos dinámicos Galicia presenta peor comportamento relativo no segmento do turismo rural e nos albergues, en relación ás restantes comunidades autónomas.

DEMANDA TURÍSTICA

O comportamento da demanda no verán difire en función dos meses considerados. Así o volume de noites nos aloxamentos colectivos de Galicia cae no mes de xullo –nun 3%- mais increméntase levemente en agosto –nun 1% neste caso-.


Esta dinámica dispar é en realidade unha característica que se observa no primeiro semestre deste ano. Así, apréciase un incremento da demanda en febreiro –do 4%-, en marzo –do 26% grazas á celebración da Semana Santa- e maio –do 11%-, mantense relativamente estable en xuño e descende en xaneiro –un 3%- e abril –un 20% como consecuencia do efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa en marzo-.

Así pois, no cómputo global dos primeiros oito meses do ano Galicia presenta un comportamento variable da demanda, con mellor comportamento relativo na temporada baixa e en maio fronte a unha evolución máis moderada de xuño a agosto.


Desta maneira no acumulado anual o segmento do aloxamento colectivo de Galicia xerou algo máis de 9,7 millóns de pernoctacións, cifra que en sentido estrito supera nun 0,5% o nivel do mesmo período de 2023.

O verán é o período de maior afluencia turística a Galicia. Con 4,8 millóns de noites representa, ata o de agora, a metade da demanda que visitou a nosa comunidade nos primeiros oito meses do ano.

Demanda turística nos establecementos turísticos. Acum. agosto 2024 e 2023, por meses



Variación da demanda turística. 2024/23, por meses




DEMANDA TURISTICA

Tal como se comentou anteriormente Galicia rexistra neste verán 4,8 millóns de pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento colectivo. Este dato final vén de agregar o número de noites de todas as tipoloxías contempladas nas operacións de ocupación do INE –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues-. Estes últimos incorpóranse ao listado global en 2021, computando máis de 440 mil noites agora neste período estival.

Con estas cifras Galicia mantén a grandes trazos o nivel de demanda en máximos da serie histórica do verán –en sentido estrito xerou 30 mil pernoctacións menos que en 2023-, se ben esta comparativa necesita de maior precisión porque o dato non é directamente comparable coa serie anterior a 2021. Obviando o dato dos albergues o nivel de demanda fica en preto de 4,4 millóns de noites, dato que supera igualmente a toda a serie anterior a 2021. Confírmase, por tanto, o nivel máximo de demanda en Galicia neste período estival.

Evolución das noites nos establecementos de aloxamento turístico. Verán 2016-24




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste verán o 78% da demanda turística nos aloxamentos colectivos corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que representan o 23% con preto de 1,1 millóns de noites- e ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas, segmento maioritario que supón o 55% do total con máis de 2,6 millóns de noites. O turismo internacional supón, en cambio, o 22% do total da demanda colectiva neste período, con preto de 1,1 millóns de pernoctacións neste caso.

Esta distribución da demanda apenas cambia respecto da observada nos últimos anos. Con carácter xeral os tres segmentos manteñen o peso que tiñan no verán pasado, con variacións inferiores ao medio punto porcentual. En todo caso é o mercado receptor nacional o que presenta a variación de maior intensidade, mellorando en case medio punto o peso que tiña no período estival de 2023.

Peso dos principais mercados nos establecementos de aloxamento turístico. Verán 2024



MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvase neste verán un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado, con variacións en todo caso moi pouco significativas. O turismo interno, dos residentes en Galicia, presenta unha leve caída do 1,5% no número de noites como consecuencia dunha variación parella da cifra de viaxeiros aloxados. O mercado internacional presenta unha dinámica equivalente, cun leve descenso provocado por unha menor cifra de viaxeiros estranxeiros nun contexto de certa mellora da estadía media.

O mercado receptor nacional, o de maior presenza na comunidade, é o único que non presenta un comportamento negativo manténdose en niveis parellos aos do pasado ano.


Con todo, os tres segmentos de mercado sitúanse por encima dos valores previos á pandemia, do verán de 2019 –con subas do 3% para o interno, do 11% para o receptor nacional e do 22% para o internacional–.

O mellor comportamento relativo do mercado receptor nacional é unha característica que se observa en boa parte dos meses do ano –así acontece en xaneiro, febreiro, maio e agosto, se ben diferenzas ás veces pouco relevantes–. Xustamente en agosto é o único que sobe en termos interanuais –nun 2%– fronte á estabilidade do interno e caída do internacional.

Variación da demanda nos aloxamentos turísticos, por mercados. Verán 2024/23



Variación da demanda nos aloxamentos turísticos, por mercados. Acum. Agosto 2024/23, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

A escasa diferenza de intensidade na recuperación dos niveis de demanda dos tres grandes segmentos de mercado provoca que neste verán, igual que no conxunto do ano, apenas varíe o peso dos mesmos dentro da estrutura global. Neste sentido as diferenzas son inferiores ao medio punto porcentual e en liñas xerais falamos de estabilidade na composición da demanda turística en Galicia.

Cunha perspectiva temporal máis ampla apréciase que en realidade o mercado receptor nacional mantense no rango de peso que habitualmente ten na nosa comunidade, de entre o 53% e o 55% desde mediados da década pasada –a excepción rexístrase no verán de 2021 cando supera o 60% do total das noites-. Son os mercados interno e internacional os que amosan leves cambios, manténdose o primeiro no peso máis baixo da serie histórica e o segundo entre as cuotas máis elevadas de toda a serie do verán.


Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda turística. Verán 2016-24



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- No ámbito hoteleiro é posible obter unha maior desagregación dos volumes de demanda para os mercados turísticos, chegando a nivel de comunidade autónoma para o turismo de ámbito nacional e de país para o internacional.
- Tendo en conta, por tanto, o volume global da demanda hoteleira, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste verán o 16,5% do total das pernoctacións da comunidade –cifra inferior á do pasado ano e á de 2019-. O mercado interno marca, en realidade, o peso máis baixo da serie histórica do verán agora en 2024.
- Tal é así que Madrid, o principal mercado emisor a nivel estatal, supera agora no verán en volume e peso ao mercado interno –dos residentes en Galicia-. Acontece isto por terceira vez na serie histórica –en 2021, en plena pandemia, e en 2023 xa se observaba maior volume de demanda hoteleira do mercado madrileño fronte ao interno-. Con preto de 550 mil noites Madrid representa o 18,6% do total.
- Despois de Madrid seguen en orde de importancia, dentro dos mercados de orixe estatal, Andalucía –co 8,3%-, Castela e León –co 6,4%-, Cataluña –co 5,6%- e a C. Valenciana –co 4,1% do total da demanda hoteleira neste caso-. Por tanto, logo de Madrid sitúanse como mercados máis importantes aqueles de maior poboación e distancia –Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana- xunto con algún de maior proximidade –Castela e León neste caso-.
- O País Vasco e Asturias sitúanse a continuación cunha cuota global próxima ao 4% en ambos.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste verán rexístranse 160 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 5,4% do total da comunidade e o 25% do total internacional. Ten maior volume e peso que o mercado valenciano, vasco ou asturiano, por exemplo.
- Logo de Portugal sitúanse a certa distancia os mercados que tradicionalmente teñen maior peso en Galicia. Veñen a continuación Italia –co 2,7% do total-, EE.UU. –co 1,8%-, Alemaña e Francia –ambos no contorno do 1,5% neste caso-.
- Mantense por tanto o esquema habitual na comunidade, liderando Portugal o turismo internacional a distancia dos principais mercados europeos –Italia, Alemaña, Francia e Reino Unido- e de Estados Unidos –que neste verán consolídase como o terceiro en orde de importancia-.


MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro o segmento nacional fica en niveis parellos aos do pasado ano se ben sitúase un 3% por encima do nivel do verán de 2019, aproximándose ao máximo da serie histórica con 2,3 millóns de noites.

Esta dinámica global vén como consecuencia de comportamentos variables dos principais mercados nacionais. Así, obsérvase neste verán un incremento dos mercados de maior distancia a Galicia –de arredor do 8% o catalán e valenciano, e do 4% o andaluz- xunto co mercado vasco –que sobe en algo máis dun 3% neste caso-. En contraposición a isto rexístranse caídas xustamente nos mercados de maior proximidade: do 2% o de Castela e León, do 4% o interno, dos residentes en Galicia, e do 8,5% o asturiano.

Madrid, o principal mercado nacional na nosa comunidade, mantense en niveis parellos aos do pasado ano se ben nun sentido estrito sobe un 1,3%. Así pois este verán apréciase certa heteroxeneidade de comportamento nos principais mercados nacionais, cando menos no segmento hoteleiro.

Variación dos principais mercados nacionais nos aloxamentos hoteleiros. Noites verán 2024/23




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase, en cambio, un comportamento máis homoxéneo. Practicamente todos os mercados superan os niveis do pasado ano, en porcentaxes variables que permiten ademais á maioría deles situarse por encima das cifras de 2019, anteriores á pandemia. Marcan a excepción o mercado francés –que se mantén en niveis parellos aos do pasado ano- e británico –único entre os principais que presenta unha caída da demanda en relación ao verán pasado, do 6,3% neste caso-.

Italia é o mercado de mellor comportamento relativo neste verán –supera nun 15% o número de noites do pasado ano-. Presenta tamén dinámica positiva o mercado portugués –rexistra un crecemento do 8%- , o alemán –cunha suba do 5%- e o americano –único non europeo no ranking de principais mercados internacionais que mellora nun 2% o nivel de demanda do verán pasado-.

A nivel global o turismo de ámbito internacional increméntase nun 5,5% en relación ao período estival do pasado ano, no segmento hoteleiro, superando tamén en pouco máis do 18% a cifra do verán de 2019.

Variación dos principais mercados internacionais nos aloxamentos hoteleiros. Noites verán 2024/23




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste contexto de suave crecemento da demanda a nivel global aprécianse, por tanto, diferenzas de comportamento e intensidade nos principais mercados emisores que levan a pequenos cambios na estrutura da propia demanda. Con carácter xeral gañan cuota de mercado os segmentos de maior crecemento relativo, tanto a nivel nacional como internacional.

As variacións son, con carácter xeral, de baixa intensidade e na maioría dos mercados levan en realidade a certa estabilidade. A nivel nacional os cambios máis significativos residen no turismo de proximidade, concretamente no turismo interno –que perde un punto de cuota de mercado- e no asturiano –que perde case medio punto neste caso-. No lado contrario destaca o mercado catalán pois consegue mellorar en 0,3 puntos o seu peso na estrutura global-. Os restantes segmentos manteñen relativamente estable o seu peso.

A nivel internacional as variacións son tamén de baixa intensidade destacando en todo caso as melloras rexistradas polos mercados portugués e italiano –gañan ambos 0,3 puntos de cuota de mercado-. Os restantes mercados estranxeiros mantéñense en cuotas similares ás do verán de 2023.

Cambio na estrutura do mercado turístico no aloxamento colectivo. Variación do peso das noites, por mercados. Verán 2024/23



DEMANDA TURISTICA - TIPOLOXÍAS


O 61% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 49%- como ás pensións –co 12% neste caso-.

O 39% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 7,1% da demanda total-, aos cámpings –co 18,7%- , aos establecementos de turismo rural –co 3,4%- e aos albergues –que supoñen o 9,2% neste caso-.

Esta última modalidade incorpórase en 2021 á lista de aloxamentos con datos de ocupación do INE, incrementando por tanto o volume final de demanda turística da comunidade e alterando a estrutura final. De feito, convértese na segunda modalidade de aloxamento non hoteleiro, superando en volume aos apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.

En consecuencia agora no verán diminúe o peso do segmento hoteleiro e incrementase, por tanto, o do extrahoteleiro –pola incorporación dos albergues e polo maior volume que adquiren os cámpings, que supoñen a segunda modalidade no conxunto da oferta-.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento turístico. Noites verán 2024




DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste verán un comportamento dispar. Só unha delas –os hoteis- conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano –nun 3,3%, grazas ao bo comportamento observado en agosto-. Dúas modalidades mantéñense en niveis parellos aos do verán pasado –os apartamentos turísticos e os cámpings, pois ambos presentan incrementos do contorno do 1%-, mentres que as tres restantes tipoloxías presentan un comportamento negativo, con caídas da demanda do 3% no ámbito do turismo rural, do 5% nas pensións e do 16% nos albergues.


Esta dinámica non impide en todo caso que boa parte das modalidades de aloxamento superen os niveis previos á pandemia, do verán de 2019, con maior distancia os apartamentos turísticos –que melloran en máis dun 40% o nivel de hai cinco anos- e con cifras máis parellas os hoteis. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural que fican un 8% por debaixo das cifras do verán previo á crise.

O comportamento variable da demanda nas diferentes tipoloxías é unha característica que se observa tanto en xullo como en agosto. Os cámpings amosan mellor dinámica no primeiro mes do verán –é a única modalidade que supera o número de noites do pasado ano- mentres que os hoteis e apartamentos turísticos presentan crecemento da demanda en agosto. O segmento de turismo rural e os albergues amosan un comportamento máis estable, con caídas da demanda tanto en xullo como en agosto.

Variación da demanda turística por tipoloxías.
Noites verán 2024/23



Variación da demanda turística por tipoloxías. Noites verán 2024/23, por meses



DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS


Dentro do ámbito hoteleiro obsérvanse diferenzas de comportamento entre os hoteis e as pensións pero unha dinámica parella a nivel interno, por categorías.

Así, apréciase neste verán un incremento da demanda en todas as categorías dos hoteis, de maior intensidade naqueles de tres estrelas –coa suba do 5%- e con carácter máis suave os de unha estrela –superan nun 1% o número de noites do pasado ano-. O segmento de catro e cinco estrelas –de maior peso no ámbito hoteleiro pois supón o 31% das pernoctacións- presenta un incremento do 3,2% neste caso.

No ámbito das pensións a dinámica cambia e os dous segmentos considerados –as de tres e dúas estrelas, e as de unha estrela- amosan caídas da demanda neste verán, do 5% as primeiras e do 4% estas últimas.

Con esta dinámica os hoteis de tres ou máis estrelas marcan neste verán máximos históricos de demanda, con 920 mil pernoctacións aqueles de catro e cinco estrelas, e 567 mil noites os de tres estrelas.

Variación da demanda turística hoteleira, por categorías. Noites verán 2024/23




DEMANDA TURISTICA – TIPOLOXÍAS


A análise do perfil da demanda segundo a tipoloxía de aloxamento amosa as seguintes conclusións:

- O turismo nacional é maioritario en todas as tipoloxías, en porcentaxes importantes que van do 58% do total da demanda nos albergues a máis do 80% nos apartamentos turísticos e nos cámpings. Salvo nos albergues, o peso do mercado nacional supera o 75% en todas as modalidades consideradas.
- Analizando os datos á inversa obsérvase que tanto españois coma estranxeiros optan polo hotel como primeira alternativa de aloxamento en Galicia –o 50% das pernoctacións nacionais e o 48% das pernoctacións internacionais corresponden a esta tipoloxía-. Logo do hotel os españois optan polo cámping –nun 20%- e os estranxeiros polo albergue –nun 17% dos casos-.
- A dinámica dos dous segmentos de mercado varía en cada unha das tipoloxías. Con carácter xeral obsérvase mellor comportamento do turismo internacional fronte ao nacional, superando o primeiro as cifras do pasado ano en todas as modalidades agás nos albergues –onde sofre unha caída do 25%- . O mercado nacional presenta unha dinámica positiva unicamente nos hoteis –coa suba do 2,5%- , manténdose estable nos apartamentos turísticos e cámpings e descendendo nas tres restantes modalidades –nun 6-7% nas pensións e turismo rural, e nun 9% nos albergues-.
- Analizando en detalle obsérvase que o comportamento positivo dos hoteis e, en menor medida, dos cámpings vén como consecuencia dos incrementos rexistrados polos dous segmentos de mercado. Ambos segmentos amosan tamén un comportamento homoxéneo nos albergues aínda que neste caso negativo, e unha dinámica dispar nas pensións e aloxamentos de turismo rural.

Estrutura da demanda turística por procedencia e tipoloxías.
Noites verán 2024



Evolución demanda turística por procedencia e tipoloxías.
Noites verán 2024/23



ANÁLISE TERRITORIAL

En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta unha notable concentración nas provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.

Neste verán as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 84% do total da demanda cun reparto algo dispar—Pontevedra xera maior volume de pernoctacións con preto de 2,1 millóns neste ano, o 49% do total-. En A Coruña o nivel fica en 1,5 millóns, o 35% neste caso.


O 16% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo —que absorbe o 12% do total da demanda- e Ourense —provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 4% neste caso-.

Tradicionalmente no verán é Pontevedra a provincia de maior volume e peso en Galicia, ao contrario do que acontece no resto do ano no que A Coruña destaca con maior cuota de mercado na comunidade.


En termos dinámicos obsérvase neste verán un comportamento variable da demanda turística a nivel territorial, con incrementos do volume de noites nos aloxamentos colectivos de Lugo e Pontevedra —rexistran subas do 11% e 4%, respectivamente-, estabilidade en Ourense e caída unicamente en A Coruña —do 5% neste caso-.

En consecuencia o reparto territorial da demanda cambia en relación ao observado no verán pasado, gañando peso Lugo e Pontevedra —arredor dun punto porcentual ambas-, manténdose estable Ourense e perdendo cuota de mercado A Coruña —en dous puntos neste caso-.

Demanda turística por provincias. Verán 2024



Variación da demanda turística, por provincias. Verán 24/23




ANÁLISE TERRITORIAL

O mal comportamento da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos descensos rexistrados en tres das cinco modalidades de aloxamento –concretamente nas pensións, nos apartamentos turísticos e nos cámpings-. Mantense estable nos hoteis e segmento de turismo rural. Nas restantes provincias obsérvase maior heteroxeneidade: en Lugo apréciase un comportamento positivo en todas as modalidades de aloxamento, destacando o forte incremento rexistrado nos apartamentos turísticos, Ourense concentra a dinámica positiva no ámbito hoteleiro –e sofre caídas da demanda nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural-, e Pontevedra localiza o bo comportamento da demanda nos hoteis e nos cámpings –con caídas nas restantes tres modalidades-.

Así pois o comportamento positivo dos hoteis a nivel da comunidade concéntrase en tres provincias –en todas salvo en A Coruña, onde se mantén estable-. As restantes modalidades amosan unha dinámica máis variable destacando o notable incremento dos apartamentos turísticos en Lugo –única provincia na que esta tipoloxía supera o volume de noites do pasado ano-.

Variación da demanda turística, por provincias e tipoloxías. Verán 2024/23



ANÁLISE TERRITORIAL

O 36% do total da demanda hoteleira de Galicia deste verán corresponde aos destinos urbanos da comunidade, porcentaxe levemente superior á que se rexistraba no pasado ano e inferior á que se aprecia, por exemplo, na temporada baixa –no primeiro cuadrimestre o peso do turismo urbano ascende ao 56% do total da comunidade-.


A cidade de Compostela lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Nestes dous meses rexistra 382 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 13% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña e Vigo –ambas con máis de 220 mil noites neste verán-. As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, destacando neste grupo Lugo –con preto de 72 mil noites-.

Neste verán obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Así, increméntase o volume de noites en cinco destinos rexistrando as subas máis notorias Ferrol –do 37% interanual-, Lugo –do 18%- e Pontevedra –do 13% neste caso-. A Coruña e Ourense amosan tamén un comportamento positivo pero máis suave, con incrementos próximos ao 3% interanual.


Marcan a excepción a esta dinámica positiva as cidades de Santiago e Vigo que en liñas xerais mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano.

Con esta dinámica catro destinos conseguen situarse por encima das cifras de 2019, previas á pandemia –Ferrol nun 60%, e Santiago, Lugo e Vigo por debaixo do 10%.

Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2024



Variación da demanda HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2024/23




A estadía media no conxunto da oferta de aloxamento colectivo sitúase en 2,2 noites neste verán, cifra que apenas supera nun 1% o dato do mesmo período do pasado ano. En realidade cabe falar de estabilidade da estadía media pois a variación é pouco significativa en relación ao rexistrado nos últimos dous anos.


O máximo da serie histórica acádase en plena pandemia, no verán de 2020, cando Galicia rexistra 2,7 noites de media. A incorporación dos albergues ao cómputo global da demanda turística a partir de 2021 provoca un descenso dos valores medios que superaban sempre as 2,4 noites na segunda parte da década pasada.

A estadía media varía de forma significativa entre as diferentes tipoloxías. O valor máis alto corresponde aos cámpings, que rexistran 3,8 noites de media, e aos apartamentos turísticos, con 3,5 noites neste caso. Marcan distancia coas restantes modalidades que se sitúan ben por encima das dúas noites –caso dos hoteis e dos establecementos de turismo rural–, ou por debaixo dese nivel –os albergues marcan a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, con 1,2 noites de media, circunstancia que se asocia co perfil do seu principal usuario, o peregrino, que pasa só unha noite en cada establecemento mentres realiza o camiño–.

Estadía media nos aloxamentos turísticos. Verán 2016-24



Estadía media por tipoloxía. Verán 2024




ESTADÍA MEDIA


A nivel territorial a estadía media presenta pequenas variacións, significativas nalgúns extremos. É o caso, por exemplo, da provincia de Pontevedra na que o conxunto da oferta de aloxamento presenta unha cifra alta, de 3,0 noites de media. En A Coruña e Ourense a estadía media sitúase en 2,1 noites mentres que en Lugo fica no contorno das dúas noites neste caso. Son valores

A nivel urbano computa só a estadía media do segmento hoteleiro. Neste caso os datos varían tamén dunha cidade a outra, rexistrando o valor máis elevado A Coruña, con 2,4 noites de media no verán. Vigo supera as dúas noites de media mentres que as restantes cinco cidades sitúanse por debaixo desa cifra, con arredor de 1,8 noites en Ferrol, Santiago, Lugo e Ourense e 1,6 noites en Pontevedra -rexistra a cifra máis baixa de todos os destinos urbanos-.

Estadía media global, por provincias. Verán 2024



Estadía media hoteleira nos destinos urbanos. Verán 2024




En termos de ocupación a dinámica cambia levemente respecto do observado do lado da demanda. Tres das seis modalidades de aloxamento consideradas superan os niveis de ocupación do verán pasado como consecuencia do bo comportamento da demanda no caso dos hoteis e cámpings –onde os niveis de ocupación melloran en dous e un punto respectivamente- ou dunha caída da oferta superior en intensidade ao descenso da demanda no caso das pensións –que rexistran ademais unha mellora superior aos tres puntos porcentuais-.

O nivel de ocupación mantense estable no segmento de turismo rural –por unha variación parella da oferta e da demanda- e descende nas dúas restantes modalidades –en algo máis de cinco puntos nos apartamentos turísticos como consecuencia dun incremento da oferta dispoñible superior en intensidade á suba da demanda, e en máis de oito puntos nos albergues por unha caída do volume de noites-.

Os hoteis presentan a cifra de ocupación máis elevada de toda a oferta de aloxamento –rexistran un 66,4% de media no verán-. Levemente por encima do 50% de media sitúanse as pensións ficando as restantes modalidades por debaixo desa cifra, no contorno do 45%. A porcentaxe máis baixa queda neste verán nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural, ambos co 44% de media.

Ocupación nos establecementos turísticos. Porcentaxe e variación verán 2024/23



RENDIBILIDADE HOTELEIRA


As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste verán, superando nun 3,9% o dato do pasado ano e nun 27% a cifra de 2019. O impulso é de tal magnitude que en realidade a nosa comunidade marca neste ano un máximo histórico de ingreso medio por habitación ocupada, con 86,6 euros de media neste período estival.

O incremento das tarifas hoteleiras permite mellorar os niveis de rendibilidade, neste caso con maior intensidade polo efecto positivo da mellora da ocupación –en termos de ocupación por habitacións a porcentaxe deste ano sobe nun 4,1% en relación ao pasado ano-. Así o RevPAR hoteleiro increméntase neste verán nun 8,2% rexistrando 57,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible -a cifra máis elevada de toda a serie histórica do período estival-. Supera nun 36% o nivel de 2019.


Con todo Galicia fica neste ámbito en posicións baixas respecto do observado nas restantes comunidades autónomas –mellora neste verán o dato de cinco destinos-. A media do conxunto do Estado sitúase en 143,8 euros.

Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro

Verán 2024/23



Verán 2024/19



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O incremento do RevPAR hoteleiro neste verán –en relación ao 2023- vén provocado en esencia por unha suba das tarifas hoteleiras nun contexto no que melloran tamén os niveis de demanda e as cifras de ocupación.


A dinámica dos últimos anos rómpese totalmente en 2020 no caso da ocupación e rendibilidade, e en menor medida no caso dos prezos hoteleiros, circunstancia que se recupera en 2021 –cun incremento de máis do 70% no caso do RevPAR-.

As tarifas medias así como os niveis de rendibilidade de Galicia sitúanse nunha posición media-baixa no conxunto do Estado –superan neste verán o valor acadado en cinco comunidades autónomas-. Baleares marca os niveis máis elevados, con 188,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada –ADR- e 171,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible –RevPAR-.

En termos dinámicos a nosa comunidade colócase igualmente nunha posición baixa. Todos os destinos superan as tarifas medias do pasado ano –agás Murcia- así como de 2019, rexistrando as subas máis notorias Madrid e Castela A Mancha. A Ríoxa rexistra, en cambio, o incremento máis moderado.

En relación ao verán de 2023 os incrementos máis destacados en termos de RevPAR localízanse tamén en Madrid –cun 21%- , en Castela A Mancha e Navarra –ambas cun 17% de variación interanual-.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Verán 2014-24




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste verán 139,5 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supera nun 5,3% o dato do pasado ano e nun 37,8% o nivel de 2019. O segmento hoteleiro supera o nivel de ingresos que tiña xusto antes da pandemia –en 2019 situábase por debaixo pero preto dos 100 millóns de euros-.

Unha parte deste incremento débese á suba dos prezos reflectidos nas tarifas medias diarias. Descontando o efecto da inflación no segmento hoteleiro estímase que o incremento real dos ingresos hoteleiros fica no 2,6% interanual, isto é, en relación ao volume de ingresos do verán pasado.

A dinámica rexistrada por esta variable nos últimos anos segue o mesmo patrón que a demanda e o nivel de ocupación, pero con diferenzas de intensidade. Descende fortemente en 2020 como consecuencia do impacto da pandemia e sobe nos catro anos seguintes, de 2021 a 2024, de tal maneira que supera os rexistros anteriores a 2018 e 2019 –acada agora a cifra máis elevada da serie histórica-.

Estimación Ingresos totais por habitacións ocupada no segmento hoteleiro. Verán 2015-24



OUTROS INDICADORES

TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste verán visitaron Galicia 490 mil turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos colectivos e privados e que segundo o INE superou nun 11% a cifra do pasado ano e nun 2,5% o nivel de 2019 –anterior á pandemia–, marcando con isto un máximo da serie histórica do período estival. A evolución do mercado internacional é moi notable, mesmo superior ao que se observa noutras operacións estatísticas.

O 45% dos turistas estranxeiros teñen orixe no país veciño, Portugal, constituíndo o noso principal mercado emisor. O 55% procede dos restantes países destacando neste grupo Francia, co 12% do total internacional.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 89%–, estímase en 667 mil persoas durante o período estival –un 4% máis que no pasado ano 2022–. Fica en cambio un 2% por debaixo do nivel anterior á pandemia.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR verán 2024

	Verán 2024	Var. 2024/23	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	490.195	11,4%	100,0%
Portugal	222.084	15,9%	45,3%
Resto países	268.110	7,9%	54,7%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	666.701	4,0%	100,0%
Portugal	592.745	5,1%	88,9%
Resto países	73.956	-3,8%	11,1%



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR


O bo comportamento do turismo internacional neste verán vén como consecuencia dos incrementos rexistrados por practicamente todos os principais mercados. Neste sentido os crecementos máis notorios, de maior intensidade, acontecen nos mercados europeos de maior peso: francés –que rexistra unha suba do 37%-, e alemán e portugués –con crecementos superiores ao 15% interanual- e nos mercados americanos –concretamente EE.UU., que presenta subas tamén por encima do 15% interanual-.

O mercado británico amosa tamén unha dinámica positiva pero de menor intensidade mentres que outros importantes como o italiano ou suízo presentan caídas en relación ao pasado ano.


O 79% dos turistas visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 11% fíxoo por motivos persoais mentres que un 5% visitou Galicia por negocios-. Todos os segmentos conseguen situarse por encima dos niveis do pasado ano –con incrementos do 42% o de negocios, do 11% o vacacional e do 6% o de motivos persoais-. O segmento de estudos fica por debaixo dos volumes do verán de 2023.

Con isto soamente dous segmentos –o persoal e o de negocios- consegue superar tamén as cifras previas á pandemia, do verán de 2019.

Variación do turismo internacional, por procedencia. Verán 2024/23



Variación do turismo internacional. Principais segmentos por motivación. Verán 2024/23



TURISMO INTERNACIONAL - EGATUR

En termos de gasto, utilizando a operación FRONTUR/EGATUR para o turismo internacional, obsérvase neste verán un comportamento positivo.


O gasto medio diario do turista internacional en Galicia supera o valor do pasado ano –nun 15%- e tamén o nivel de 2019 –nun 55% neste caso-, acadando a cifra máis alta da serie histórica con 153,4 euros por persoa e día –nunca antes este dato superara os 150 euros de media-. Esta cifra tan elevada contempla entre outros conceptos o gasto da viaxe á nosa comunidade –o transporte ata chegar a Galicia-, de aí que só unha parte da mesma se considera gasto en destino, isto é, ten impacto na comunidade.

Asimesmo, o gasto total efectuado polos turistas estranxeiros –cifra que combina a evolución do gasto medio diario e número de noites- presenta un forte incremento do 24% acadando un máximo da serie histórica con 653 millóns de euros –circunstancia que vén como consecuencia de comportamentos positivos tanto da demanda, do número de pernoctacións, como do gasto medio por persoa-.

Gasto total e gasto medio diario do turismo internacional. Verán 2024

	Verán 24	Var. Int. 24/23
Gasto Total	653,4 mill. €	23,6 %
Gasto medio diario	153,4 €	15,4%

Evolución do gasto medio diario do turismo internacional. Verán 2016-24




CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é un dos ámbitos no que se percibiron con maior intensidade os efectos negativos da crise da Covid-19 mais no verán de 2022 –ano Xacobeo- conseguiu non só recuperar o volume perdido durante a pandemia senón marcar máximos históricos. En particular, tomando como referencia o número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino o volume global superou as 150 mil no período estival de hai dous anos –como consecuencia do forte crecemento da peregrinación de orixe nacional-.

En 2023 o volume de compostelas cae en relación ao ano anterior mais agora en 2024 rexístrase un novo incremento –do 8,5% en particular- para colocar o volume final en preto de 144 mil –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por detrás do valor do verán de 2022-.

Como é propio da temporada alta, o volume de peregrinos españois supera ao dos estranxeiros. O volume dos primeiros sitúase en 84 mil mentres que a cifra de peregrinos estranxeiros fica en algo máis de 48 mil –ambos con datos provisionais-.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, verán 2014-24



CAMIÑO DE SANTIAGO


Co 46% do total e preto de 67 mil compostelas o Camiño Francés segue a ser a ruta de maior volume e presenza de peregrinos neste verán. Seguen en orde de importancia o Camiño Portugués –co 31%, porcentaxe que inclúe as variantes de interior e costa- e os camiños Inglés, Primitivo e Norte –no contorno do 6% do total cada un deles-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo por canto o incremento do número de compostelas afecta e atinxe a todas as rutas a Santiago, con diversa. Os crecementos máis notorios en relación ao pasado ano localízanse nas rutas de menor afluencia de peregrinos –Camiño de Inverno e Fisterra-Muxía, ambos con subas por encima do 30% interanual-. Destacan tamén os incrementos rexistrados no Camiño Mozárabe-Vía da Prata –do 25%- , no Camiño Portugués da Costa –do 23%- ou no Primitivo –preto do 20% neste caso-.

O Camiño Francés, de maior volume, presenta tamén un crecemento do 6%.

Neste contexto de crecementos xeneralizados unha ruta gaña peso respecto do panorama que había no verán de 2023: o camiño portugués da costa -que supera en máis dun punto a cuota do pasado ano-. O francés, en cambio, perde case dous puntos de peso no cómputo global, ficando as restantes rutas en cuotas similares ás do pasado ano-.

Variación do volume de compostelas, por rutas. Verán 2024/23



CAMIÑO DE SANTIAGO

Un elemento que semella propio desta etapa de recuperación e consolidación do Camiño de Santiago é o cambio no comportamento dos peregrinos. Analizando as cifras segundo o punto de saída da ruta obsérvase unha recuperación máis rápida e intensa daquelas de menor recorrido en termos relativos, isto é, das rutas que teñen menos etapas –suficientes para quizais obter a Compostela- fronte aquelas máis distantes.


Así obsérvase un incremento das rutas que teñen inicio ben no límite de Galicia –Tui ou Valença do Minho- ou ben xa no interior da comunidade –Sarria, Ferrol, Vigo, Lugo ou Baiona-, con subas que nalgún caso –Vigo en concreto- superan o 40% interanual. A cidade de Porto como punto de saída mantén estable o volume daqueles que fan a ruta interior e máis incrementase nun 8% aqueles que o fan pola costa.

Contrasta isto coas caídas rexistradas en dous puntos do Camiño Francés –S. Jean P. Port e O Cebreiro, con descensos do 3% e 24%, respectivamente-.

Neste verán gañan peso, por tanto, as rutas de menos etapas –propias de mercados de proximidade- fronte ás máis longas –utilizadas principalmente por peregrinos estranxeiros-.

Sarria é o principal punto de saída das rutas a Santiago –así o manifestan o 36% dos peregrinos que recollen a Compostela, porcentaxe que ficaba no 31% o pasado ano 2023 e no 28% en 2019-.

Principais puntos de saída. Comparativa verán 2024/23




CAMIÑO DE SANTIAGO

Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo. Este segmento concreto adoeceu durante os meses fortes da pandemia de problemas na recuperación por canto se mantiveron ata ben avanzado 2021 restricións importantes de acceso e de número de prazas dispoñibles. A oferta de camas en albergues públicos non se recuperou coa mesma intensidade que no privado.


En calquera caso, neste 2024 obsérvase con carácter xeral un comportamento negativo no segmento dos albergues públicos –en contraposición ao rexistrado no lado das compostelas mais na liña do observado nos albergues privados–, cun descenso do volume de noites do 4,7%. Son dous anos consecutivos de caída da demanda na rede de albergues públicos durante o verán, circunstancia que en todo caso consegue manter o nivel final por encima das 70 mil pernoctacións. Os volumes pos-pandemia son sempre inferiores aos previos á crise –de 2014 a 2016, e en 2018, superábanse sempre as 100 mil noites.

Por camiños a evolución é dispar, con incrementos do número de noites no Camiño Portugués –arredor do 4%–, no Camiño Inglés –do 16%– e sobre todo no de Inverno –onde se superan nun 74% as cifras do verán pasado–. No lado contrario obsérvanse caídas globais nos albergues do Camiño Francés –neste caso condicionadas polo peche temporal de dous concretos, os albergues de Barbadelo e Calvor–, Camiño Primitivo, Norte e de Fisterra-Muxía.

Evolución Noites en Albergues Públicos. Verán 2014-24



Variación do número de noites nos Albergues Públicos. Verán 2024/23



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE para o segmento hoteleiro, obsérvase neste verán un comportamento positivo por canto se incrementan as cifras en relación ao pasado ano –nun 15% tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites-. Esta notable suba permite a este segmento situarse por encima dos niveis de 2019, pero igualmente por debaixo dos valores de 2015.

Obsérvase neste caso, en liña co comentado na análise da demanda global, un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo de ámbito nacional rompe a tendencia negativa dos últimos dous anos e presenta un incremento do 21% tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites que permite superar por vez primeira na serie histórica a barreira das 90 mil pernoctacións.

O segmento internacional consolida catro anos consecutivos de crecemento da demanda no segmento hoteleiro do Camiño Francés, a taxas en todo caso decrecentes, que permiten situarse agora en 2024 nas 36 mil pernoctacións –a cifra máis elevada dos últimos sete anos pero inferior á serie 2014-17-.

Neste período son os españois maioría dentro dos establecementos hoteleiros do Camiño Francés –representan o 72% do total, porcentaxe similar á de 2022-.

A estadía media mantense relativamente estable, con pouco máis de unha noite –dato asociado en grande medida á presenza do peregrino-.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Verán 2024

	Verán 2024	Var. Int. 24/23
VIAXEIROS ALOXADOS	120.688	14,9%
Españois	85.787	20,8%
Estranxeiros	34.901	2,5%
NOITES	129.411	15,4%
ESTADÍA MEDIA	1,07	0,4%
OCUPACIÓN (%)	55,34%	3,80




CAMIÑO DE SANTIAGO

O comportamento positivo da demanda hoteleira permite colocar o volume total de noites por encima dos niveis anteriores á crise –de 2017 e 2019- pero non dos anos anteriores –o máximo da serie corresponde ao verán de 2015 con máis de 138 mil pernoctacións no camiño Francés-.


O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento da oferta dispoñible pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 8,0% en relación ao pasado ano-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de catro puntos porcentuais para situarse no 55,3% de media no período estival-. Fica aínda por debaixo da porcentaxe rexistrada en 2021 e 2022 –o máximo da serie acádase xustamente despois da pandemia cun 60,1% de media-.

En fin de semana o nivel de ocupación nos establecementos hoteleiros do Camiño Francés sitúase no 55,5%. Non se aprecian neste caso diferenzas significativas na ocupación entre semana e de fin de semana.

NOITES nos Estab. Hoteleiros do Camiño Francés. Verán 2015-24



OCUPACIÓN nos Estab. Hoteleiros do Camiño Francés. Verán 2015-24



TRÁFICO AEROPORTUARIO

No ámbito da mobilidade aeroportuaria o comportamento neste verán difire do observado noutros segmentos da actividade turística. En síntese, o tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia descende suavemente –nun 3,1%- aínda que se mantén por encima dos valores de 2019 –un 16,5% por encima da cifra de hai cinco anos-.

Esta caída, a primeira desde a pandemia, vén como consecuencia dos descenso rexistrados nos aeroportos de Alvedro –onde o tráfico de pasaxeiros cae un 5,0%- e Lavacolla –que rexistra un descenso do 3,5% neste caso-. Peinador consegue neste verán manterse en volumes parellos aos do pasado ano.

Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia –absorbe neste verán o 64% do total do tráfico aéreo da comunidade con 773 mil pasaxeiros-. A pesar do descenso do tráfico aéreo Lavacolla mantén estable o peso no conxunto do sistema aeroportuario galego.

O 36% restante repártese a partes case iguais entre A Coruña e Vigo.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2024


AEROPORTO	Verán 24	Verán 23	Verán 19	Var. Int. 24/23
A CORUÑA	215.942	227.224	250.213	-5,0%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	773.220	801.222	597.874	-3,5%
VIGO	228.140	227.593	196.372	0,2%
GALICIA	1.217.302	1.256.039	1.044.459	-3,1%

TRÁFICO AEROPORTUARIO

Tal como se pode observar na figura o tráfico aeroportuario en Galicia sofre unha caída importante en 2020 por mor das restricións de mobilidade impostas no contexto da pandemia, que leva a perder dous terzos do tráfico habitual no verán. En 2021 consegue recuperar boa parte da perda anterior, achegándose aos 800 mil pasaxeiros, cifra que en 2022 ascende ata máis de 1,1 millóns de pasaxeiros e supera os 1,2 millóns en 2023 –marcando con isto un máximo da serie histórica–.

A caída de 2024 supón a perda de 39 mil pasaxeiros en relación ao nivel do pasado ano, manténdose o volume final por encima dos 1,2 millóns de pasaxeiros no conxunto da comunidade. É a segunda cifra máis elevada de toda a serie histórica.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2015-24




TRÁFICO CRUCEIROS

O turismo de cruceiros en Galicia continúa centrado nos dous portos principais da comunidade –A Coruña e Vigo- se ben neste verán destaca o primeiro pois absorbe o 68% do tráfico global –dous de cada tres pasaxeiros de Galicia-. No porto de Vigo rexístrase o 31% quedando o 1% restante para Ferrol - San Cibrao. En Vilagarcía non se rexistra tráfico de cruceiros neste período.


A nivel global o tráfico de cruceiros en Galicia experimenta este verán un forte impulso que leva a superar nun 24% o volume de pasaxeiros do verán pasado como consecuencia das fortes subas experimentadas tanto en A Coruña –que supera nun 29% a cifra do período estival de 2023- como en Vigo –que presenta un incremento do 16,5% neste caso-. Son crecementos moi importantes que levan ao porto da cidade herculina a marcar un máximo da serie histórica con 98 mil pasaxeiros nos dous meses considerados –no verán de 2022, e antes da pandemia, ficaba por debaixo dos 40 mil pasaxeiros-.

Vigo presenta unha recuperación importante que lle permite igualar o máximo histórico da serie acadado no verán de 2015 con máis de 44 mil pasaxeiros no período estival.

Reparto do tráfico de pasaxeiros por porto. Verán 2024



Var. Tráfico de pasaxeiros, global e por portos. Verán 2024/23




TRÁFICO CRUCEIROS

O tráfico de cruceiros en Galicia –medido en volume de pasaxeiros- sufriu de forma considerable os efectos da pandemia e o proceso de recuperación dos niveis de demanda retrasouse ata o ano 2022. De feito, tal como se ve no gráfico, en 2020 e 2021 o segmento de cruceiros viu paralizada a súa actividade e non foi ata setembro deste último ano que comezaron a operar en Galicia. En 2023 rexístrase un forte impulso que lle permite superar por vez primeira na serie histórica o cota de 100 mil pasaxeiros e rexistrar preto de 116 mil no conxunto da comunidade, tendencia que se consolida agora en 2024 cando rexistra máis de 143 mil pasaxeiros.

En termos absolutos Galicia consegue 28 mil pasaxeiros máis que no verán pasado, dato que na súa maior parte se concentra no porto de A Coruña.

Tráfico de cruceiros en Galicia (pasaxeiros). Verán 2014-24



EMPREGO TURÍSTICO – EPA

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no segundo trimestre deste ano 2024 o sector turístico de Galicia rexistrou pouco máis de 126 mil ocupados, cifra que descende en relación ao pasado ano –nun 3,0% en particular- para situarse tamén por debaixo do nivel de 2019 –nun 1% neste caso-. Supón o 11,1% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade.

O 76% das persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe inferior á do pasado ano mais superior á de 2019- mentres que a cifra restante figuran como autónomos.

Dentro dos asalariados do sector obsérvase unha taxa de temporalidade do 17%, a máis baixa de toda a serie histórica –en 2019 situábase no 41%-.

En paralelo ao anterior a EPA constata que neste trimestre incrementouse o desemprego no sector pois rexístrase unha suba do 3% na cifra de parados en relación ao 2023 –situando o dato final en máis de 12 mil-. Con todo o dato dos parados no sector mantense por debaixo da cifra de 2019. Este incremento coloca a taxa de paro no sector no 9,1%, porcentaxe medio punto superior á cifra do mesmo período do pasado ano –no verán de 2023 marca un mínimo histórico cunha taxa de paro do 8,6%-.

Emprego no sector turístico. EPA 2º Trimestre 2024


	2TR24	2TR23	2TR19	Var. 24/23
OCUPADOS	126.179	130.061	127.598	-3,0%
PARADOS	12.594	12.191	15.819	+3,3%
TAXA DE PARO	9,1%	8,6%	11,0%	+0,5 ptos.
TAXA DE ASALARIADOS	76,2%	78,2%	74,4%	-1,9 ptos.
TAXA DE TEMPORALIDADE	17,3%	18,8%	40,9%	-1,6 ptos.

EMPREGO TURÍSTICO – EPA

Algo máis da metade dos ocupados no sector turístico corresponden á rama de “Comidas e Bebidas”, no ámbito da restauración –en concreto, o 52% do total, un punto menos que no verán pasado-. A porcentaxe restante repártese entre tres segmentos: un 10,5% na rama de aloxamento, un 19,0% no ámbito do transporte de viaxeiros e un 18,9% noutras actividades vinculadas ao sector.


En termos comparativos obsérvase unha caída do número de ocupados en tres das catro ramas consideradas, con descensos de similar intensidade –do 4% no ámbito do transporte de viaxeiros, do 5% en restauración e do 8% noutras actividades-. Marca a excepción o segmento do aloxamento que consegue incrementar o número de ocupados nun 26% en relación ao segundo trimestre do pasado ano, acadando a cifra máis elevada desde a pandemia.

Ocupados por segmento de actividade. Verán 2024



■ Aloxamento ■ Comidas e bebidas ■ Transporte de viaxeiros ■ Outras actividades

Var. Ocupados por segmento de actividade. Verán 2024/23



EMPREGO TURÍSTICO – AFILIACIÓN


En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase, en paralelo a outros indicadores e referidos neste caso ao verán, un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano –do 3,6%- suficiente para superar tamén o volume previo á pandemia –en 2019 a cifra superaba as 91 mil afiliacións-.

A cifra deste verán –máis de 95 mil afiliacións- sitúase, por tanto, como a máis elevada de toda a serie histórica.

A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese nas tres ramas consideradas. Así soben un 5,5% na rama de aloxamento, un 3,1% nos servizos de restauración e un 5,2% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares. Esta dinámica leva a que o número de afiliacións nas tres ramas supere tamén a cifra de 2019, acadando neste ano un máximo da serie histórica no verán con máis de 16 mil afiliacións nos servizos de aloxamento, case 77 mil afiliacións na rama de restauración e máis de dúas mil nas axencias de viaxe.

Os servizos de restauración son o segmento que acolle e rexistra maior volume de afiliacións dentro do sector –supón neste verán o 81% do total-.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Verán 2015-24



EMPREGO TURÍSTICO – ALOXAMENTOS INE


No ámbito do aloxamento existe un indicador propio medido a partir das enquisas de ocupación do INE que amosa a evolución do número medio de empregados nos establecementos colectivos neste verán. En síntese, neste ano rexístrase un incremento do 4,4% no número de traballadores do sector, en relación ao pasado ano, quedando a cifra final en máis de 13 mil. Esta suba permite manterse por encima dos niveis previos á pandemia, e situarse como a cifra máis elevada de toda a serie histórica –no verán de 2019 a cifra media quedaba por debaixo dos 12 mil empregados-.

O comportamento desta variable vai parello ao observado do lado das afiliacións. En termos de emprego, por tanto, a dinámica deste verán mellora o comportamento observado do lado da demanda, por exemplo.


Por tipoloxías obsérvase que a mellora do nivel de emprego acontece en todos os segmentos, con incrementos de maior intensidade no lado dos cámpings –superan nun 11% o volume de empregados do pasado ano- e máis suaves no ámbito hoteleiro e no segmento de turismo rural –con subas inferiores ao 5% interanual-.

En termos absolutos son case 600 novos empregados en comparación co dato do pasado ano.

Empregados no aloxamento turístico INE. Verán 2015-24



Variación do volume de empregados no aloxamento INE. Verán 24/23



Balance do turismo en Galicia

Verán 2024



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

